



Nº Expediente: 2018/C003/000001

Asunto: Contratación de MELLORA DE CAMIÑOS NO CONCELLO DE CEDEIRA-AGADER 2018

MESA DE CONTRATACIÓN (1)

ACTA DE APERTURA DOS SOBRES “A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE FORMA AUTOMÁTICA” PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO SEGUINTE CONTRATO :

Obra: MELLORA DE CAMIÑOS NO CONCELLO DE CEDEIRA-AGADER 2018

Importe de licitación: 67.522,97 € IVE incluído (Prezo sen IVE 55.804,11 €; IVE: 11.718,86 €)

Prazo de execución: 8 semanas

ASISTENTES

PRESIDENTE:

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

VOGAIS:

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Don Antonio Rodríguez Fabello, arquitecto municipal

Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do concello

Dona Yolanda Ares Bao, interventora municipal

SECRETARIA:

Dona M^a Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 14:00 horas do día 11 de outubro de 2018, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á apertura dos sobres A: Documentación administrativa, proposición económica e documentación cuantificable de forma automática, no procedemento para adxudicar a obra anteriormente citada.

Segundo se desprende da busca efectuada no sistema informático de rexistro xeral de entrada e saída de documentos, presentáronse para tomar parte na licitación da “MELLORA DE CAMIÑOS NO CONCELLO DE CEDEIRA-AGADER 2018”, as seguintes empresas:

- JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPEZ, S.L. (R.E. 2018/0000/4345)
- EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L. (R.E. 2018/0000/4349)
- VILLASUSO ORTEGAL, S.L. (R.E. 2018/0000/4362)
- SYR-AMG, S.L.U. (R.E. 2018/00004363)

A continuación, A Mesa procede á calificación previa dos documentos presentados en tempo e forma; para o cal o Presidente ordena a apertura dos sobres A, resultando o seguinte:

- A documentación presentada é correcta.



De seguido dáse lectura ás ofertas económicas e aos criterios cuantificables de forma automática; obténdose as seguintes puntuacións:

EMPRESA	OFERTA ECONOMICA (sen IVE)	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	REDUCCIÓN PRAZO DE EXECUCIÓN	PUNTUACIÓN PRAZO EXECUCIÓN	TOTAL
JOSÉ M. PIÑEIRO LÓPÈZ, S.L.	46.501,56	3,64	22 días	2,97	6,61
EXCAVAC. Y OBRAS MELCHOR, S.L.	38.995,91	4,74	30 días	4,05	8,79
VILLASUSO ORTEGAL, S.L.	42.500,00	4,22	30 días	4,05	8,27
SYR-AMG, S.L.U.	37.204,52	5,00	37 días	5,00	10,00

O límite para considerar ofertas anormais ou desproporcionadas é de 35.610,13 €; non habendo ningunha nesta situación.

A Mesa acorda:

1ª.- Propoñer á empresa SUY-AMG S.L.U. como adxudicataria do presente contrato, previa comprobación no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas (ROLECE) dos datos correspondentes.

2ª.- Visto o erro de conexión persistente na web do ROLECE, pospoñer esta comprobación para o vindeiro día 15.10.2018.

3ª.- Publicar a presente acta na páxina web do Concello de Cedeira.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 15:10 h. do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.



Nº Expediente: 2018/C003/000001

Asunto: Contratación de MELLORA DE CAMIÑOS NO CONCELLO DE CEDEIRA-AGADER 2018

MESA DE CONTRATACIÓN (2)

ACTA DE COMPROBACIÓN DOS DATOS DA EMPRESA PROPOSTA PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO SEGUINTE CONTRATO :

Obra: MELLORA DE CAMIÑOS NO CONCELLO DE CEDEIRA-AGADER 2018

Importe de licitación: 67.522,97 € IVE incluído (Prezo sen IVE 55.804,11 €; IVE: 11.718,86 €)

Prazo de execución: 8 semanas

ASISTENTES

PRESIDENTE:

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

VOGAIS:

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do concello

Dona Yolanda Ares Bao, interventora municipal

SECRETARIA:

Dona M^a Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

Non asiste Don Antonio Rodríguez Fabello, arquitecto municipal.

No departamento de Contratación do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 14:20 horas do día 15 de outubro de 2018, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á comprobación telemática no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas (ROLECE) os datos correspondentes á empresa SYR-AMG, S.L.U.

Obténse do ROLECE o certificado de inscrición da empresa SYR-AMG, S.L.U., do cal se desprende que a empresa está legalmente constituída, está acreditada a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica, e non está incurso en ningunha prohibición para contratar. Non obstante, non se puido comprobar que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta.

Polo tanto, a Mesa acorda:

1.- Propoñer a adxudicación do contrato “MELLORA DE CAMIÑOS NO CONCELLO DE CEDEIRA-AGADER 2018” á seguinte empresa por presentar a mellor oferta:

- empresa: SYR-AMG, S.L.
- Importe: 37.204,52 € e 7.812,95 € de IVE (total IVE incluído: 45.017,47 €)
- Prazo de execución: 23 días

2.- Requirir a esta empresa para que, no prazo máximo de 7 días hábiles desde a data da notificación que se efectúe, constitúa a garantía definitiva.



3.- Requirir así mesmo a presentación da escritura de poder de representación da empresa SUY-AMG, S.L.U. a nome do asinante da proposición.

4.- Publicar a presente acta na páxina web do Concello de Cedeira.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 15:00 horas do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.